

Elección da dirección do CREDO de Ourense

Achegas da CIG-Ensino

No artigo 3.2 establécese a necesidade de presentar un proxecto de dirección que debe incluír, polo menos, unha presentación e fundamentación do proxecto, os obxectivos, os plans e as liñas de actuación e a avaliación deste. Desde a CIG-Ensino consideramos que a valoración deste proxecto pode incorrer en subxectividade á hora de valoralo por parte dos membros da comisión, polo que o primeiro que debe incorporar a orde é unha rúbrica de dito proxecto.

Tamén solicitamos a posibilidade de acceder desde a parte sindical, como representantes do profesorado, a todos os proxectos presentados. É esta unha demanda constante da CIG-Ensino que, de aplicarse, evitaría conflitos e xudicialización dos procesos como vén de ocorrer recentemente nun concurso de méritos. Neste negóuselle á representante da CIG-Ensino o acceso aos proxectos, mais finalmente e tras dunha demanda xudicial, a Administración tivo que facilitarllos á persoa demandante. Ao mesmo tempo, reclamamos que se explicita no texto da convocatoria a obrigatoriedade de levantamento de acta da comisión de valoración na que consten as puntuacións de cada unha das persoas “baremadoras” así como os seus informes xustificativos e o seu traslado á parte sindical que así o solicite.

Segundo o establecido no **Artigo 5** á comisión de selección “poderá asistir un representante de cada organización sindical con presenza na xunta de persoal, con voz e sen voto”. Esiximos que se nos convoque a esta comisión para velar pola transparencia do proxecto, de pouco vale que o texto indique que poderá asistir un representante sindical se, na práctica, como ocorre noutras comisións non somos convocadas. Dáse lugar, deste xeito, a unha falta de transparencia que desde a CIG-Ensino non estamos dispostas a aceptar.

No artigo 6, apartado 4 establécese que se poderá efectuar unha entrevista ás persoas candidatas. A CIG-Ensino considera que a valoración dunha entrevista poder ser totalmente subxectiva, xa que na propia orde non se establece ningún criterio ou grella de valoración da mesma. Solicitamos que se elimine a entrevista.

No artigo 7, apartado 2 indícase que para poder ser seleccionada e nomeada para a dirección unha persoa, é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección. Entendemos que dado o carácter subxectivo que pode ter a valoración do proxecto non debería poder ser eliminatorio. Pola mesma causa, para os casos de empates (7.3), debería eliminarse o apartado “a” (maior puntuación no proxecto de dirección)